

Plan de Autoprotección

CEIP Plurilingüe de Abanqueiro

Segundo R.D. 393/2007, do 23 de marzo polo que se aproba a Norma Básica de Autoprotección dos centros, establecementos e dependencias dedicados a actividades que poidan dar orixe a situacións de emerxencia, e o R.D. 1468/2008, do 5 de setembro, que modifica o anterior.

Índice

INTRODUCCIÓN.....	4
CONTIDO.....	4
OBXECTIVOS.....	4
IDENTIFICACIÓN DOS TITULARES E DA ACTIVIDADE.....	5
Datos da actividade.....	5
Datos do Titular/Titulares.....	5
Dirección do Plan de Autoprotección.....	5
Responsabilidade do director do Plan de Autoprotección.....	5
DESCRIBIÓN DA ACTIVIDADE E DO MEDIO FÍSICO.....	6
DESCRIBIÓN DO ESTABLECEMENTO OBXECTO DO PLAN.....	6
ACTIVIDADE PRINCIPAL DESENVOLTA.....	7
DESCRIBIÓN DA CONTORNA.....	7
Medios Públicos de Protección.....	8
Locais potencialmente perigosos na contorna.....	8
ACCESOS.....	9
ANCHO DAS VÍAS E SENTIDOS DE CIRCULACIÓN.....	9
CONDICIÓN DE ACCESIBILIDADE.....	9
INVENTARIO, ANÁLISE E AVALIACIÓN DE RISCOS.....	10
DESCRIBIÓN E LOCALIZACIÓN DE ELEMENTOS PERIGOSOS.....	10
INSTALACIÓN PROPIAS DO EDIFICIO.....	10
IDENTIFICACIÓN, ANÁLISE E AVALIACIÓN DOS RISCOS.....	10
RISCOS PROPIOS DA ACTIVIDADE.....	11
RISCOS INTERNOS.....	11
IDENTIFICACIÓN, CUANTIFICACIÓN E TIPOLOXÍA DAS PERSOAS AFECTADAS.....	12
PERSOAS PERTENCENTES AO PERSOAL.....	13
PERSOAS ALLEAS AO CENTRO.....	13
PERSOAS ALLEAS AO CENTRO CON PERMANENCIA PROLONGADA.....	13
MEDIDAS E MEDIOS DE AUTOPROTECCIÓN.....	14
DESCRIBIÓN DE MEDIOS HUMANOS.....	14
DESCRIBIÓN DE MEDIOS MATERIAIS. INSTALACIÓN DE PROTECCIÓN.....	17
EXTINTORES.....	17
ILUMINACIÓN DE EMERXENCIA.....	19
PROGRAMA DE MANTEMENTO DE INSTALACIÓN.....	19
DESCRIBIÓN DO MANTEMENTO PREVENTIVO DAS INSTALACIÓN DE RISCO.....	20
INSTALACIÓN ELÉCTRICAS.....	20
INSTALACIÓN TÉRMICAS.....	20
DESCRIBIÓN DO MANTEMENTO PREVENTIVO DAS INSTALACIÓN DE PROTECCIÓN.....	20
INSTALACIÓN DE PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS.....	21
INSPECCIÓN DE SEGURIDADE DE ACORDO COA NORMATIVA VIXENTE.....	24

PLAN DE ACTUACIÓN ANTE EMERXENCIAS.....	25
IDENTIFICACIÓN E CLASIFICACIÓN DAS EMERXENCIAS.....	25
CLASIFICACIÓN DAS EMERXENCIAS.....	25
EN FUNCIÓN DO TIPO DE RISCO.....	26
EN FUNCIÓN DA GRAVIDADE.....	26
EN FUNCIÓN DA OCUPACIÓN E MEDIOS HUMANOS.....	28
PROCEDEMENTOS DE ACTUACIÓN ANTE EMERXENCIAS.....	28
SECUENCIA BÁSICA DO PLAN DE ACTUACIÓN.....	28
DETECCIÓN E ALERTA.....	29
MECANISMOS DE ALARMA A ALARMA.....	29
MECANISMOS DE RESPOSTA FRONTE Á EMERXENCIA.....	32
EVACUACIÓN E/OU CONFINAMENTO.....	32
IDENTIFICACIÓN E FUNCIÓNS DAS PERSOAS E EQUIPOS.....	38
IDENTIFICACIÓN DO RESPONSABLE DA POSTA EN MARCHA DO PLAN.....	39
INTEGRACIÓN DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN NOUTROS DE ÁMBITO SUPERIOR	
.....	40
PROTOCOLOS DE NOTIFICACIÓN DA EMERXENCIA.....	40
DETECCIÓN DA EMERXENCIA AO CENTRO DE COMUNICACIÓNS:.....	40
CENTRO DE COMUNICACIÓNS Á BRIGADA DE EMERXENCIAS:.....	40
CENTRO DE COMUNICACIÓNS A PROFESORES, TRABALLADORES E	
ALUMNOS:.....	40
CENTRO DE COMUNICACIÓNS A SERVIZOS DE AXUDA EXTERIOR:.....	41
COORDINACIÓN ENTRE A DIRECCIÓN DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN E A	
DIRECCIÓN DO PLAN DE PROTECCIÓN CIVIL ONDE SE INTEGRE O PLAN DE	
AUTOPROTECCIÓN.....	41
FORMAS DE COLABORACIÓN DA ORGANIZACIÓN DE AUTOPROTECCIÓN COS	
PLANS E AS ACTUACIÓNS DO SISTEMA PÚBLICO DE PROTECCIÓN CIVIL.....	42
DE PROTECCIÓN CIVIL CO ESTABLECEMENTO:.....	42
DO ESTABLECEMENTO CON PROTECCIÓN CIVIL:.....	42
IMPLANTACIÓN DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN.....	42
IDENTIFICACIÓN DO RESPONSABLE DA IMPLANTACIÓN DO PLAN.....	42
FORMACIÓN E CAPACITACIÓN DO PERSOAL CON PARTICIPACIÓN ACTIVA.....	43
FORMACIÓN E INFORMACIÓN A TODO O PERSOAL SOBRE O PLAN.....	44
SINALIZACIÓN E NORMAS PARA A ACTUACIÓN DE VISITANTES.....	44
Sinalización dos medios de evacuación.....	45
Sinalización das instalacións manuais de protección contra incendios.....	45
PROGRAMA DE DOTACIÓN E ADECUACIÓN DE MEDIOS MATERIAIS E	
RECURSOS.....	46
MANTEMENTO DA EFICACIA E ACTUALIZACIÓN DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN	47
PROGRAMA DE RECICLAXE DE FORMACIÓN E INFORMACIÓN.....	47
PROGRAMA DE SUBSTITUCIÓN DE MEDIOS E RECURSOS.....	47
Recomendacións.....	48
PROGRAMA DE EXERCICIOS E SIMULACROS.....	48
PROGRAMA DE REVISIÓN E ACTUALIZACIÓN A DOCUMENTACIÓN.....	49

INTRODUCCIÓN

O Plan de Autoprotección é o documento que establece o marco orgánico e funcional previsto para un centro, establecemento, espazo, instalación ou dependencia, co obxecto de previr e controlar os riscos sobre as persoas e os bens e dar resposta adecuada ás posibles situacións de emerxencia, na zona baixo responsabilidade do titular da actividade, garantindo a integración destas actuacións co sistema público de protección civil.

O Plan de Autoprotección aborda a identificación e avaliación dos riscos, as accións e medidas necesarias para a prevención e control de riscos, así como as medidas de protección e outras actuacións para adoptar en caso de emerxencia.

CONTIDO.

O Plan de Autoprotección recóllese nun documento único cuxa estrutura e contido mínimo é a que se presenta e que se recolle no Anexo II do Real Decreto 393/2007, do 23 de marzo, polo que se aproba a Norma Básica de Autoprotección dos centros, establecementos e dependencias dedicados a actividades que poidan dar orixe a situacións de emerxencia.

Este ou outros documentos de natureza análoga que deban realizar os titulares en virtude da normativa sectorial aplicable poderán fusionarse nun documento único para estes efectos, cando dita unión permita evitar duplicacións innecesarias da información e a repetición dos traballos realizados polo titular ou a autoridade competente, sempre que se cumpran todos os requisitos esenciais da presente norma.

O documento do Plan de Autoprotección incluírá todos os procedementos e protocolos necesarios para reflectir as actuacións preventivas e de resposta á emerxencia.

OBXECTIVOS

Como obxectivos xerais do Plan de Autoprotección, preténdese conseguir:

1. Clasificar as emerxencias segundo o tipo de risco, ámbito de influencia e horario de traballo.
2. Estudar e planificar os dispositivos de actuación necesarios ante intervencións en situacións de emerxencia a fin de conseguir dispoñer de persoas formadas, organizadas e adestradas, que permitan unha execución programada e ordenada.
3. Establecer a adecuada coordinación entre os distintos grupos de actuación e intervención, tanto propia como do exterior que poidan participar nunha situación de emerxencia xeral.
4. Garantir a fiabilidade dos medios materiais e a coordinación dos medios humanos, en situacións de emerxencia.
5. Cumprir as esixencias da Lexislación vixente.

IDENTIFICACIÓN DOS TITULARES E DA ACTIVIDADE

Datos da actividade

NOME: **CEIP PLURILINGÜE DE ABANQUEIRO**
ACTIVIDADE: **Edificio destinado a ensino de Educación infantil e Primaria**
DIRECCIÓN POSTAL: **Exipto, 108. Abanqueiro. 15938 Boiro**
TELÉFONO: **881866535**
E-MAIL: **ceip.abanqueiro@edu.xunta.gal**

Datos do Titular/Titulares

NOME/RAZÓN SOCIAL: **CEIP PLURILINGÜE DE ABANQUEIRO**
DIRECCIÓN POSTAL: **Exipto, 108. Abanqueiro. 15938 Boiro**

Dirección do Plan de Autoprotección

DIRECTOR/A DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN: **Director/a**
DIRECTOR/A DO PLAN DE ACTUACIÓN EN EMERXENCIA: **Director/a**

Responsabilidade do director do Plan de Autoprotección

O director do Plan de Autoprotección será responsable único da xestión das actuacións encamiñadas á prevención e control de riscos, ademais da xestión de todos os aspectos relacionados co Plan de Autoprotección, entre outros:

1. Inventario, análise e avaliación de riscos.
2. Inventario das medidas e medios de protección.
3. Mantemento das instalacións.
4. Plan de actuación ante emerxencias.
5. Integración do Plan de Autoprotección noutros de ámbito superior.
6. Implantación do Plan de Autoprotección.
7. Mantemento da eficacia e actualización do Plan de Autoprotección.
8. Mantemento do programa de auditorías e inspeccións.
9. Formularios para a xestión de emerxencias.

Igualmente será responsable de dirixir todas as actuacións no caso de que se poña en funcionamento en Plan de Actuación.

O director do Plan de Actuación en Emerxencias, que é o Xefe de Emerxencias, será responsable de activar o devandito plan de acordo co establecido no mesmo:

1. Declarando a correspondente situación de emerxencia.
2. Notificando ás autoridades competentes de Protección Civil.
3. Informando o persoal.

4. Adoptando as accións inmediatas para reducir as consecuencias do accidente ou suceso.
Estrutura operativa e funcional das emerxencias

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE E DO MEDIO FÍSICO

DESCRICIÓN DO ESTABLECEMENTO OBXECTO DO PLAN

O CEIP Plurilingüe de Abanqueiro atópase situado no Lugar de Exipto, 108 (Parroquia de Abanqueiro) pertencente ao municipio de Boiro (A Coruña).

Ten unha capacidade aproximada de 242 persoas tendo en conta alumnos, persoal docente e de administración e persoal de mantemento, aínda que cabe destacar que, en situacións normais, a ocupación do centro é menor debido aos distintos horarios que ten cada curso.

As actividades docentes desenvólvense nun edificio disposto en 3 plantas: planta soto, planta baixa e planta alta. Ademais, dispón dun aparcadoiro non cuberto, ximnasio, un pavillón de deportes e unha zona ao aire libre.

Os principais espazos do centro destinados ao ensino pódense diferenciar entre:

- **Aula:** Espazo destinado á docencia en grupo.
- **Aula-taller:** Espazo onde se poden realizar tanto actividades maxistras como interactivas, como poden ser a Aula de Educación Musical ou a Aula de Lingua Inglesa.
- **Aula TIC:** Espazo onde se atopan ordenadores principalmente para o desenvolvemento desta materia.
- **Despacho:** Espazo de uso diverso dunha disciplina máis polo miúdo, como pode ser o traballo de Pedagogía Terapéutica ou Audición e Linguaxe.
- **Biblioteca:** Espazo multiusos para empréstito de libros e traballo docente en xeral.

A distribución de cada unha das plantas detállase a continuación.

Planta Soto:

- Salón de actos.
- Ximnasio.
- Caldeira.

Planta baixa:

- Conserxería.
- 3 aulas.
- 1 aula-taller (Educación Musical).
- Comedor.
- Oficinas de administración.

- Salas de xuntas.
- Aseos.
- Cadros eléctricos.

Planta alta:

- 6 aulas.
- Biblioteca.
- 2 despachos.
- 1 aula-taller (Lingua Inglesa)
- Aseos
- Cadros eléctricos.

ACTIVIDADE PRINCIPAL DESENVOLTA

O CEIP Plurilingüe de Abanqueiro é un centro público dependente da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia.

A actividade principal é a educación infantil e primaria e, por iso, a idade dos alumnos oscila entre os 3 e os 12 anos, aínda que non existe un límite de idade establecido.

Os estudantes reciben as clases en horario de mañás, mentres as actividades extraescolares impártese a continuación do horario de comedor en horario de tarde.

Por iso a xornada do centro é:

- De 9:45 a 18:00 horas, de luns a venres.

DESCRIPCIÓN DA CONTORNA

Situado nunha zona máis ben rural, a parcela colinda con algunha vivenda, aínda que non moitas.



Medios Públicos de Protección

O parque de bombeiros e as instalacións do Grumir atópanse no Polígono de Espiñeira en Boiro, nas primeiras parcelas da entrada.

En condicións de tráfico normal estímase que o percorrido se realiza nun tempo non superior aor aos 5 minutos.

Locais potencialmente perigosos na contorna

Non se ten constancia da existencia de locais potencialmente perigosos colindantes ao centro, nin existen elementos vulnerables.

Si se localiza un taller de vehículos (Egipto Motor) a uns 100 metros do centro.



ACCESOS

O centro posúe dúas zonas de acceso: Acceso Principal e Acceso Secundario.

Acceso Principal: consta de dous portais, un para persoas e outro para vehículos que da directamente á zona de aparcamento do centro.

Acceso Secundario: consta dun portal para vehículos que habitualmente está pechado e da á zona de recreo (lugar que se establece como punto de encontro en caso de emerxencia)

ANCHO DAS VÍAS E SENTIDOS DE CIRCULACIÓN

A vía de acceso é de sentido único, por tramos sen beirarúas, e cun ancho ≥ 6 m.

CONDICIÓN DE ACCESIBILIDADE

Accesibilidade para vehículos pesados mediante dúas entradas situadas nos extremos do acceso principal ao edificio. Ambas dan lugar a dúas chairas (de aparcamento ou terreo de herba) con condicións suficientes para efectuar distintas manobras no caso no que non existan vehículos estacionados.

Se a situación o require, é recomendable dar aviso ás autoridades competentes para proceder á retirada dos vehículos ou para regular o movemento dos mesmos.

Na parte posterior do edificio non hai acceso para os vehículos de rescate, polo que se debe realizar a pé ou con vehículos doutras características.

A accesibilidade por fachada ao edificio principal en xeral é boa ,excepto na metade da parte posterior, á que non se pode acceder con vehículos de altura debido de terreo dificultoso.

O ximnasio dispón tamén de dous accesos, un exterior e outro interior.

En tódolos accesos dispónse de rampas para persoas con mobilidade reducida.

INVENTARIO, ANÁLISE E AVALIACIÓN DE RISCOS

DESCRIPCIÓN E LOCALIZACIÓN DE ELEMENTOS PERIGOSOS

Os medios de protección divídense en medios técnicos e medios humanos. O facer unha descrición o máis rigorosa posible, axudará de maneira decisiva tanto durante a emerxencia como na avaliación do risco.

INSTALACIÓNS PROPIAS DO EDIFICIO

Débase estudar basicamente as instalacións propias do edificio que, en principio, son as que poden orixinar unha emerxencia. Se estas instalacións teñen todas as medidas de protección propias de cada instalación e se se fai un bo mantemento, diminuiranse ou eliminarán unha gran parte das emerxencias producidas por elas.

Electricidade

Instalación eléctrica de baixa tensión, por suministro eléctrico, situada na planta baixa do centro e no pavillón.

Gas

Existe un depósito de gasóleo soterrado a escasos 10 metros da entrada principal do edificio principal.

Calefacción e ACS

A sala de caldeiras está situada na planta soto do edificio principal e comprende unha caldeira ROCA.

IDENTIFICACIÓN, ANÁLISE E AVALIACIÓN DOS RISCOS

RISCOS PROPIOS DA ACTIVIDADE

A descrición anterior das características do edificio permítenos estudar se os medios cos que conta son suficientes para conseguir uns niveis mínimos de seguridade.

Así pois, o obxectivo deste Plan é mellorar as condicións de seguridade do edificio e, no caso no que se produza unha emerxencia, establecer unha serie de actuacións co obxectivo de minimizar os danos de toda índole que se poidan ocasionar.

Unha vez consultada a Avaliación de Riscos do edificio, están identificados, avaliados e aplicadas as medidas correctoras propostas para os riscos de explosión e incendio. Ambos os riscos están clasificados como TOLERABLES, do que se deduce que están controlados, non supoñendo a actividade propia do edificio un factor de risco en si.

RISCOS INTERNOS

RISCOS DERIVADOS DO TRABALLO NA AULA

Os posibles riscos que se poden orixinar nas aulas durante o transcurso normal da actividade docente son esencialmente riscos de tipo eléctrico derivado do uso de aparellos ou elementos de soporte tales como ordenadores, proxectores, televisión...etc.

Aínda que as instalacións eléctricas propias dos equipos dispoñen de dispositivos de seguridade é importante o uso adecuado e responsable das mesmas.

RISCOS EXTERNOS QUE PUIDESEN AFECTARLLE

Non hai constancia da existencia de riscos externos específicos debido a que non existe (ou polo menos non consta) ningunha actividade de risco próxima.

En canto a outros riscos externos que poidan afectar á seguridade das persoas ocupantes do edificio poderían destacarse:

Ameaza de bomba: a probabilidade de que se produza é moi baixa. A maneira de xestionar este tipo de ameaza contémplase máis adiante.

Inundación: risco baixo. De producirse, recoméndase confinamento na planta superior.

Terremoto: risco moi baixo. Realizarase unha adecuada coordinación con emerxencias e protección civil.

Condicións de evacuación:

As condicións de evacuación dispoñibles no Centro atendendo ás esixencias vixentes no CTE valóranse como ADECUADAS ou INADECUADAS.

Percorridos máximos e disposición das saídas. Criterios de validación

Plantas ou recintos que dispoñen de máis dunha saída de planta ou saída de recinto respectivamente:

A lonxitude dos percorridos de evacuación ata a saída de planta non excede de 50 m.

Portas situadas en percorridos de evacuación. Criterios de validación

Considérase que deben actualizarse as porta de emerxencia e saída para adaptalas aos sistemas de apertura mediante pomo ou pulsador conforme á norma UNE-EN 179:2009

Os edificios en valoración cumpren todas as premisas anteriores. Todas as plantas do edificio dispoñen de varios accesos ao exterior.

Valoración:

Edificio de uso docente

Planta Soto:

Dispón de máis dunha saída.

A lonxitude dos percorridos de evacuación ata algunha das saídas de planta non excede de 50 m.

As portas de emerxencia NON dispoñen de apertura antipánico.

Disposición xeral de saídas: MELLORABLE

Planta Baixa:

Dispón de varias saídas de planta.

A lonxitude dos percorridos de evacuación ata algunha das saídas de planta non excede de 50 m.

Portas de barra horizontal de empuxe con apertura no sentido de evacuación.

Disposición xeral de saídas: MELLORABLE

Planta Alta:

Dispón de varias saídas de planta.

A lonxitude dos percorridos de evacuación ata algunha das saídas de planta non excede de 50 m.

Portas de barra horizontal de empuxe con apertura no sentido de evacuación.

Disposición xeral de saídas: MELLORABLE

En canto ao dimensionado de corredores e saídas considérase adecuado tendo en conta que o ancho das escaleiras é de case 2 m.

Ximnasio

Dispón dunha saída directa ao exterior a través dunha porta de barra horizontal de empuxe con apertura no sentido da evacuación de case 2 metros..

Percorrido de evacuación inferior a 50 metros.

Disposición xeral de saídas: ADECUADA

IDENTIFICACIÓN, CUANTIFICACIÓN E TIPOLOXÍA DAS PERSOAS AFECTADAS

O acceso ás diversas instalacións do centro educativo obxecto do Plan de Autoprotección realízase segundo o seguinte esquema:

Entrada Libre	Persoal afecto á actividade obxecto do Plan de Autoprotección.
Control de Acceso	Visitantes e operarios.

PERSOAS PERTENCENTES AO PERSOAL

Docentes: A súa participación será clave na organización e control das diversas situacións de emerxencia que poden acaecer debido á súa autoridade e coñecemento do medio.

PAS: Posúen xornadas laborais fixas e entre algúns dos seus labores atópase o mantemento adecuado das instalacións existentes.

É necesaria a organización e formación do colectivo co obxectivo de desenvolver as actuacións ante emerxencias de forma axeitada.

Alumnado: É o grupo de maior dimensión no referido ao número de persoas e, aínda que carecen de autoridade, deben estar formados e organizados ante situacións de emerxencia.

PERSOAS ALLEAS AO CENTRO

A súa permanencia no centro é circunstancial e deberán cumprir coas normas e indicacións facilitadas polo persoal.

PERSOAS ALLEAS AO CENTRO CON PERMANENCIA PROLONGADA

Forman parte deste grupo aquelas persoas que realizan traballos ou prestan servizos no centro escolar sen pertencer ao persoal do mesmo por exemplo persoal de mantemento alleo, servizo de xardíns, etc.

Todas elas deben ser controladas e só autorizaráselles a súa presenza nas zonas de traballo destinadas e nas vías de acceso ás mesmas. Así mesmo, serán informadas dos riscos, no caso de que existan, das zonas de traballo nas que actúen.

Segundo a actividade principal que leva a cabo no edificio descrita neste plan e das características anteriores pódese definir o centro como un edificio de alta ocupación.

MEDIDAS E MEDIOS DE AUTOPROTECCIÓN

DESCRIPCIÓN DE MEDIOS HUMANOS

O inventario de medios humanos é unha relación do persoal dispoñible para participar nos labores de autoprotección.

Os medios humanos con que se conta son o persoal do establecemento.

Defínese neste traballo o Organigrama de Seguridade con que deben contar todos os establecementos.

A dirección do establecemento é a responsable da redacción e implantación do plan de autoprotección. Pode asumir as funcións de Coordinador Xeral da emerxencia ou delegar en calquera outra persoa.

A dirección do establecemento e os coordinadores coñecerán cumpridamente o plan de autoprotección, ata o punto de poder facer correccións ao mesmo á vista dos resultados dos simulacros. Deben coñecer perfectamente o risco, os medios dispoñibles e o manual de emerxencia. Deben conseguir implantar o plan e seguir todas as fases da implantación.

O resto do persoal, aínda que é conveniente que coñeza a totalidade do plan, debe coñecer perfectamente o manual de emerxencia.

O resto dos usuarios do establecemento necesita coñecer o desenvolvemento do manual de emerxencia e participar, na parte que lle corresponda, no desenvolvemento e na implantación do plan.

ORGANIZACIÓN DO PERSOAL

Hai que considerar:

- os diferentes horarios de traballo.
- os lugares e postos de traballo.
- os períodos vacacionais.

A combinación destes factores dará o número de persoas dispoñibles nun momento dado en cada lugar. En función do número de persoas poderase determinar os equipos de intervención.

Cos medios humanos débense determinar as persoas que van participar nas emerxencias en cada quenda. As persoas que participarán na emerxencia son:

D Director

- E.E.A.** Equipo de Evacuación de Aula
- E.P.A.** Equipo de Primeiros Auxilios BRIGADA DE EMERXENCIAS
- E.E.P.** Equipo de Emerxencia de Planta

Sempre coa colaboración do C.C. (Centro de Comunicaci3ns)
Constituirase, ademais, un Comit3 de Emerxencias; os postos sinalados describense nos apartados seguintes.

COMISI3N DE EMERXENCIAS (C.E.)

Este comit3 est3 composto neste caso por:

- A Direcci3n / O Xefe de Seguridade
- Un representante da ANPA

Polas caracteristicas do tama1o do centro, salvo tarefas puntuais encomendadas, as competencias desta comisi3n ser3n asumidas polo Consello Escolar.

As s3as funci3ns fundamentais son:

- Programar as actividades necesarias para crear unha pol3tica de prevenci3n no establecemento
- Avaliar e analizar a programaci3n prevista, incl3dos os simulacros

DIRECCI3N (D.)

Son funci3ns propias da Direcci3n e responsabilidade s3a as seguintes:

- Redacci3n e implantaci3n do Plan.
- Recepci3n de Alarmas.
- Declaraci3n do tipo de Emerxencia.
- Avisar aos Servizos de Axuda Exterior.
- Revisi3n e actualizaci3n do plan.
- Recepci3n dos partes de incidencias.
- Recepci3n e informaci3n a Axudas Exteriores.

A Direcci3n pode delegar as s3as funci3ns noutras persoas da organizaci3n pero NON pode delegar a responsabilidade das mesmas.

XEFE/A DE EMERXENCIA (X.E.)

3 a persoa encargada pola Direcci3n para resolver as emerxencias. Sux3rese que sexa o Xefe/a de Estudos. No plan de autoprotecci3n ten as seguintes funci3ns propias e delegadas:

- Programa de Mantemento das instalaci3ns.
- Programa de formaci3n da Brigada.
- Investigaci3n das emerxencias.

- Coordinación dos equipos que interveñen na resolución das emerxencias.
- Dirección das prácticas de extinción e de primeiros auxilios que realice a Brigada de Emerxencias.

Funcións delegadas como:

- Implantación do Plan.
- Recepción das Alarmas.
- Declaración do tipo de Emerxencia.
- Revisión e actualización do plan.
- Recepción dos partes de incidencias.
- Recepción e información a Axudas Exteriores.

EQUIPO DE EVACUACIÓN DE AULA (E.E.A.)

É o equipo que dá a alarma en cada aula e evacúa a mesma. As súas misións son:

- Dar a alarma na súa aula.
- Dirixir o fluxo de evacuación.
- Comprobar que a súa zona está baleira, pechar portas, persianas e xanelas.
- Guiar aos evacuados aos Puntos de Reunión e controlalos no devandito punto.

Neste caso o E.E.A. estará composto polo profesor dese grupo e dous alumnos. En principio, os compoñentes dos distintos equipos poden ser o delegado, o subdelegado. Dado que os alumnos cambian de aula, colocaranse carteis coa composición do Equipo nas aulas, indicando unicamente os compoñentes, sen nomes. Cada profesor será responsable dos alumnos ao seu cargo no momento da emerxencia e do recuento dos mesmos. De consideralo necesario, poderá nomear a máis alumnos colaboradores.

Estes equipos, cuxa misión fundamental é colaborar na evacuación, tamén deberán estar preparados e dispostos para facer fronte a un Conato de Emerxencia ou Emerxencia Parcial que se presente nas proximidades da aula, ben por decatarse dela directamente ou ben por ser avisados por algunha testemuña do suceso.

O centro disporá de tantos E.E.A como aulas ou zonas de traballo ou de estudo haxa nese momento.

Os compoñentes destes E.E.A., recibirán unha formación sobre as operacións que teñen que realizar, de Intervención e de Evacuación.

A principio de curso programaranse unhas charlas, para explicar o funcionamento dos mesmos, do mesmo xeito que se explican o funcionamento de Gardas, Bibliotecas, Titorías, etc. do profesorado.

No caso da Biblioteca, funcionará como un grupo académico especial, onde o profesor encargado nese momento da mesma, será o responsable máximo deste E.E.A., con aqueles auxiliares que el nomee nese momento.

EQUIPO DE EMERXENCIA DE PLANTA (E.E.P.)

É o encargado de velar porque todo o mundo esté en aviso da alarma e de revisar que ninguén quede atrás.

Recorrerá a planta, sempre que existan condicións para poder facelo, avisando a docentes que non se percataran e revisando aseos en busca de alumnado ausente do seu grupo.

Os xefes do E.E.A. deberán notificarlle que alumnados faltan no grupo.

IDENTIFICACIÓN DO PERSOAL DE EMERXENCIAS

As persoas que ocupan os cargos anteriormente descritos son:

Posto en Emerxencia	Posto de traballo
Dirección	Director/a do centro
Xefe Emerxencia	Director/a e/ou Xefe/a de Estudos.
Equipo de Evacuación de Aula	Xefe/Responsable Docente encard gado da aula.
Equipo de Emerxencia Planta	Xefe/Responsable Planta Baixa: Conserxe. Planta Alta: O profesorado de garda ou, no seu defecto, o mestre/a máis lonxano á saída de emerxencia.

Ante unha emerxencia establecerase o Centro de Comunicacions na zona de Conserxería, no á dereita da planta baixa, por estar próximo á saída e porque alí existen medios técnicos para comunicar co persoal do centro, cos axentes externos e co exterior.

DESCRIPCIÓN DE MEDIOS MATERIAIS. INSTALACIÓNS DE PROTECCIÓN

EXTINTORES

Existen 17 extintores próximos aos puntos onde pode haber unha maior probabilidade de incendio e ás saídas de evacuación.

Deben estar colocados, preferiblemente, sobre soportes fixados a paramentos verticais de forma que a parte superior do extintor quede situada entre 80 cm e 120 cm sobre o chan.
A eficacia mínima dos extintores é de 21A-113 B.

Os extintores existentes no edificio son: de po polivalente (ABC) e de dióxido de carbono.
A clasificación pola eficacia do extintor é a característica máis interesante para o usuario. A eficacia determínase por un número ou unha letra. Ambos conxuntamente definen o FOGAR TIPO que é capaz de extinguir un determinado extintor. O NÚMERO indica a cantidade de combustible utilizado no fogar tipo e a LETRA é o tipo de combustible empregado no fogar tipo.

Os extintores do edificio están distribuídos como se indica a continuación:

Nome	Axente Extintor	Eficacia	Ubicación
EX01	Po polivalente ABC 6 kg	21A-183B C	Corredor planta baixa
EX02	Po polivalente ABC 6 kg	21A-183B C	Corredor planta baixa
EX03	Po polivalente ABC 6 kg	21A-183B C	Corredor planta baixa
EX04	Po polivalente ABC 6 kg	21A-183B C	Corredor planta baixa
EX05	Po polivalente ABC 6 kg	21A-183B C	Corredor planta alta
EX06	Po polivalente ABC 6 kg	21A-183B C	Corredor planta alta
EX07	Po polivalente ABC 6 kg	21A-183B C	Corredor planta alta
EX08	Po polivalente ABC 6 kg	21A-183B C	Oficina Administración
EX09	Po polivalente ABC 6 kg	21A-183B C	Comedor
EX10	Po polivalente ABC 6 kg	21A-183B C	Comedor
EX11	Po polivalente ABC 6 kg	21A-34B B	Aula de Educación Musical
EX12	Po polivalente ABC 6 kg	21A-183B C	Comedor
EX13	Po polivalente ABC 6 kg	21A-183B C	Comedor

EX14	Po polivalente ABC 6 kg	21A-183B C	Caldeira
EX15	Po polivalente ABC 6 kg	21A-34B B	Caldeira
EX16	Po polivalente ABC 6 kg	21A-183B C	Ximnasio
EX17	Po polivalente ABC 6 kg	21A-183B C	Aula de Plástica

ILUMINACIÓN DE EMERXENCIA

Ten por obxecto asegurar, en caso de fallo da alimentación normal, a iluminación en todo o centro ata as saídas en caso de evacuación, ou iluminar outros puntos que se sinalen.

A alimentación da iluminación de emerxencia será automático con corte breve.

Segundo o Código Técnico da Edificación dispoñeráse unha en cada porta de saída e en posicións nas que sexa necesario destacar un perigo potencial ou o emprazamento dun equipo de seguridade.

Situaranse polo menos a 2 m por encima do nivel do chan. Como mínimo dispoñeráse nos seguintes puntos:

- Nas portas existentes nos percorridos de evacuación.
- Nas escaleiras, de modo que cada tramo de escaleiras reciba iluminación directa.
- Calquera outro cambio de nivel.
- Nos cambios de dirección e nas interseccións de corredores.

A instalación debe asegurar as condicións de servizo seguintes durante unha hora, como mínimo, a partir do momento no que se produza o fallo:

- En vías de evacuación cuxa anchura non exceda de 2 m, a iluminación horizontal no chan debe ser, como mínimo, 1 lux ao longo do eixo central e 0,5 lux na banda central que comprende polo menos a metade da anchura da vía.
- Nos puntos nos que estean situados os equipos de seguridade, as instalacións de protección contra incendios de utilización manual e os cadros de distribución da iluminación, a iluminancia horizontal será de 5 lux, como mínimo.

PROGRAMA DE MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS

DESCRIPCIÓN DO MANTEMENTO PREVENTIVO DAS INSTALACIÓNS DE RISCO

O mantemento das instalacións propias realizarase conforme establece a normativa vixente nas datas que se establecen neste Plan.

Todas as instalacións teñen unha regulamentación específica e no Plan hai que establecer o control do mantemento das instalacións e, ademais, deixar constancia documental das revisións que se efectúen.

INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS

A instalación que se atopa no Centro axústase ás prescricións do Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión (REBT), e ás súas Instrucións Complementarias. Para atopar o mantemento destas instalacións habemos de recorrer á ITC- BT-28, fálanos das instalacións eléctricas de pública concorrencia. As que presenten risco de incendio ou explosión e as correspondentes a locais de características especiais terán que ser revisadas anualmente polos instaladores autorizados, os cales entregarán un boletín do recoñecemento da indicada revisión. Os boletíns de recoñecemento terán que entregarse á persoa indicada (propietario, arrendatario ou un delegado destes)/destes), tendo que remitir o instalador autorizado copia do mesmo a un órgano correspondente da Administración cando o resultado da revisión non sexa favorable.

INSTALACIÓNS TÉRMICAS

As instalacións de calefacción e de climatización de que dispón o edificio están reguladas polo RD 1027/2007, polo que se aproba o Regulamento de instalacións Térmicas aos edificios (RITE) e as súas Instrucións Técnicas Complementarias. As operacións de mantemento que se terán que seguir para garantir as características funcionais das instalacións e a súa seguridade son as que aparecen na ITE 3, de obrigado cumprimento para toda instalación con potencia superior a 70 Kw térmicos.

DESCRIPCIÓN DO MANTEMENTO PREVENTIVO DAS INSTALACIÓNS DE PROTECCIÓN

INSTALACIÓNS DE PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS

O mantemento das instalacións de Protección Contra Incendios está establecido no R.D.1942/1993 “Regulamento de Instalacións de Protección Contra Incendios”. No Apéndice 2 do citado regulamento establécense o mantemento mínimo das instalacións de protección contra incendios. Tanto o mantedor como o usuario ou titular da instalación, conservarán constancia documental do cumprimento do programa de mantemento preventivo, indicando, como mínimo: as operacións efectuadas, o resultado das verificacións e probas e a substitución de elementos defectuosos que se realizaron. As anotacións deberán levar ao día e estarán ao dispor dos servizos de inspección da Comunidade Autónoma. Todas as instalacións técnicas susceptibles de orixinar ou propagar un incendio no Centro (especialmente subministración e distribución eléctrica e climatización) serán sometidas ás condicións de mantemento e uso establecidas na lexislación vixente. As instalacións contra incendios revisaranse:

OPERACIÓNS A REALIZAR POLO PERSOAL DUNHA EMPRESA MANTEDORA AUTORIZADA, OU BEN, POLO PERSOAL DO USUARIO OU TITULAR DA INSTALACIÓN

Equipo ou Instalación	Cada 3 meses
Sistemas automáticos de detección e alarma de incendios	<ul style="list-style-type: none"> ● Comprobación de funcionamento das instalacións (con cada fonte de subministración). ● Substitución de pilotos, fusibles, etc., defectuosos. ● Mantemento de acumuladores (limpeza de bornas, reposición de auga destilada, etc.)
Sistemas manuais de alarma de incendios	<ul style="list-style-type: none"> ● Comprobación de funcionamento das instalacións (con cada fonte de subministración). ● Mantemento de acumuladores (limpeza de bornas, reposición de auga destilada, etc.)
Extintores de Incendios	<ul style="list-style-type: none"> ● Comprobación da accesibilidade, sinalización, bo estado aparente de conservación. ● Inspección ocular de seguros, precintos, inscricións, etc. ● Comprobación do peso e presión no seu caso. ● Inspección ocular do estado externo das partes mecánicas (embocadura, válvula, manguera, etc.).
Bocas de Incendio Equipadas (B.I.E.)	<ul style="list-style-type: none"> ● Comprobación da boa accesibilidade e sinalización dos equipos. ● Comprobación por inspección de todos os compoñentes, procedendo a desenrolar a manguera en toda a súa extensión e accionamento da embocadura caso de ser de varias posicións. ● Comprobación, por lectura do manómetro, da presión de servizo. ● Limpeza do conxunto e engraxamento de pechaduras e bisagras en portas do armario.
Hidrantes	<ul style="list-style-type: none"> ● Comprobar a accesibilidade á súa contorna e a sinalización nos hidrantes enterrados.

	<ul style="list-style-type: none"> ● Inspección visual comprobando a estanquidade do conxunto. ● Quitar tapas das saídas, engraxar as roscas e comprobar o estado das xuntas dos racores.
<p>Sistemas fixos de extinción:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Rociadores de agua ● Auga pulverizada ● Po ● Escuma ● Axentes extintores gaseosos 	<ul style="list-style-type: none"> ● Comprobación de que as embocaduras do axente exterior ou rociadores están en bo estado e libres de obstáculos para o seu funcionamento correcto. ● Comprobación do bo estado dos compoñentes do sistema, especialmente da válvula de proba nos sistemas de rociadores, ou os mandos manuais da instalación dos sistemas de po, ou axentes extintores gaseosos. ● Comprobación do estado de carga da instalación dos sistemas de po; anhídrido carbónico, ou hidrocarburos haloxenados e das botellas de gas impulsor cando existan. ● Comprobación dos circuitos de sinalización, pilotos, etc., nos sistemas con indicacións de control. ● Limpeza xeral de todos os compoñentes.
<p>Sistemas de abastecemento de auga contra incendios</p>	<ul style="list-style-type: none"> ● Verificación por inspección de todos os elementos, depósitos, válvulas, mandos, alarmas motobombas, accesorios, sinais, etc. ● Comprobación de funcionamento automático e manual da instalación de acordo coas instrucións do fabricante ou instalador. ● Mantemento de acumuladores, limpeza de bornas (reposición de auga destilada, etc.). ● Verificación de niveis (combustible, auga, aceite, etcétera). ● Verificación de accesibilidade a elementos, limpeza xeral, ventilación de salas de bombas, etc

Equipo ou Instalación	Cada 6 meses
Hidrantes	<ul style="list-style-type: none"> ● Engraxar a porca de accionamento ou encher a cámara de aceite do mesmo. ● Abrir e pechar o hidrante, comprobando o funcionamento correcto da válvula principal e do sistema de drenaxe.
Sistemas de abastecemento de auga contra incendios	<ul style="list-style-type: none"> ● Accionamento e engraxamento de válvulas. ● Verificación e axuste de prensaestopas. ● Verificación de velocidade de motores con diferentes cargas. ● Comprobación de alimentación eléctrica, liñas e proteccións.

OPERACIÓNS A REALIZAR POR EL PERSOAL ESPECIALIZADO DEL FABRICANTE O INSTALADOR DEL EQUIPO O SISTEMA O POR EL PERSOAL DE LA EMPRESA MANTENEDORA AUTORIZADA

Equipo ou Instalación	Cada ano
Sistemas automáticos de detección e alarma de incendios	<ul style="list-style-type: none"> ● Verificación integral da instalación. ● Limpeza do equipo de centrais e accesorios. ● Verificación de unións roscadas ou soldadas. ● Limpeza e regraxa de relés. ● Regulación de tensións e intensidades. ● Verificación dos equipos de transmisión de alarma. ● Proba final da instalación con cada fonte de subministración eléctrica.
Sistemas manuais de alarma de incendios	<ul style="list-style-type: none"> ● Verificación integral da instalación. ● Limpeza dos seus compoñentes. ● Verificación de unións roscadas ou soldadas. ● Proba final da instalación con cada fonte de subministración eléctrica.
Extintores de Incendios	<ul style="list-style-type: none"> ● Comprobación do peso e presión no seu caso. ● No caso de extintores de po con botello de gas de impulsión comprobarase o bo estado do axente extintor e o peso e aspecto externo do botello. ● Inspección ocular do estado da manguera, embocadura ou lanza, válvulas e partes mecánicas. <p>Nota: Nesta revisión anual non será necesaria a apertura dos extintores portátiles de po con presión permanente, salvo que nas comprobacións que se citan se observaran anomalías que o xustifique.</p> <ul style="list-style-type: none"> ● No caso de apertura do extintor, a empresa mantedora situará no exterior do mesmo un sistema indicativo que acredite que se realizou a revisión interior do aparello. Como exemplo de sistema indicativo de que se realizou a apertura e revisión interior do extintor, pódese utilizar unha etiqueta indeleble, en forma de anel, que se coloca no colo da botella antes do peche do extintor e que non poida ser retirada sen que se produza a destrución ou deterioración da mesma.
Bocas de Incendio Equipadas (B.I.E.)	<ul style="list-style-type: none"> ● Desmante da manguera e ensaio desta en lugar adecuado. ● Comprobación do correcto funcionamento da embocadura nas súas distintas posicións e do sistema de peche. ● Comprobación da estanquidade dos racores e manguera e estado das xuntas. ● Comprobación da indicación do manómetro con

	outro de referencia (patrón) axustado no racor de conexión da manguera.
<p>Sistemas fixos de extinción:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Rociadores de agua ● Auga pulverizada ● Po ● Escuma ● Axentes extintores gaseosos 	<ul style="list-style-type: none"> ● Comprobación integral, de acordo coas instrucións do fabricante ou instalador incluíndo en todo caso: ● Verificación dos compoñentes do sistema, especialmente os dispositivos de disparo e alarma. ● Comprobación da carga de axente extintor e do indicador da mesma (medida alternativa do peso ou presión). ● Comprobación do estado do axente extintor. ● Proba da instalación nas condicións da súa recepción.
Sistemas de abastecemento de auga contra incendios	<ul style="list-style-type: none"> ● Gama de mantemento anual de motores e bombas de acordo coas instrucións do fabricante. ● Limpeza de filtros e elementos de retención de sucidade en alimentación de auga. ● Proba do estado de carga de baterías e electrólito de acordo coas instrucións do fabricante. ● Proba, nas condicións da súa recepción, con realización de curvas do abastecemento con cada fonte de auga e de enerxía.

Equipo ou Instalación	Cada 5 anos
Extintores de Incendios	<ul style="list-style-type: none"> ● A partir da data de timbrado do extintor (e por tres veces) procederase ao retimbrado do mesmo de acordo coa ITCMIE-AP5 do Regulamento de aparellos a presión sobre extintores de incendios. ● Rexeitaranse aqueles extintores que, a xuízo da empresa mantedora presenten defectos que poñan en dúbida o correcto funcionamento e a seguridade do extintor ou ben aqueles para os que non existan pezas orixinais que garantan o mantemento das condicións de fabricación.
Bocas de Incendio Equipadas (B.I.E.)	<ul style="list-style-type: none"> ● A manguera debe ser sometida a unha presión de proba de 15 kg/cm².

INSPECCIÓN DE SEGURIDADE DE ACORDO COA NORMATIVA VIXENTE

As inspeccións de seguridade marcadas pola normativas serán realizadas/contratadas polo Concello de Boiro, como responsable do mantemento dos edificios educativos de Educación Infantil e Primaria situados no concello

PLAN DE ACTUACIÓN ANTE EMERXENCIAS

IDENTIFICACIÓN E CLASIFICACIÓN DAS EMERXENCIAS

Neste apartado inclúese aqueles accidentes potencialmente máis importantes que poidan ter a súa orixe ou afectar o persoal e/ou ás instalacións, os cales poden desembocar nunha situación de emerxencia e requirir da aplicación de diferentes accións para o seu control. Son os seguintes:

- Accidente persoal grave.
- Incendio.
- Explosión.
- Terrorismo e sabotaxe.
- Conflitos sociais.
- Inundacións.
- Fenómenos naturais (tormenta, gran nevada, etc.).
- Sismos.
- Enfermidade extremadamente contaxiosa.

CLASIFICACIÓN DAS EMERXENCIAS

As emerxencias que se contemplan no presente Plan de Autoprotección pódense clasificar segundo varios criterios:

- En función do tipo de risco:
 - Incendio.
 - Inundación.
 - Risco por fenómeno meteorolóxico.
 - Ameaza de bomba/Detección de paquete sospeitoso.
 - Explosión.
 - Sucesos derivados de comportamentos antisociais (intrusión, roubo, furto, agresións, sabotaxe, disturbios públicos, etc.).
 - Fallo na subministración de enerxía eléctrica.
 - Incidente en ascensor.
 - Enfermidade extremadamente contaxiosa.
- En función da gravidade:
 - Conato de Emerxencia.

- Emerxencia Parcial.
- Emerxencia Xeral.
- En función da dispoñibilidade de recursos humanos:
 - Emerxencia durante a xornada normal.
 - Emerxencia fóra da xornada normal.
 - Festivos e fin de semana.

EN FUNCIÓN DO TIPO DE RISCO

Incendio

Contempla o risco de incendio en todas as posibles situacións ou circunstancias que poidan darse e abarca tanto a situación de risco de incendio provocado intencionadamente, como a do producido como consecuencia do funcionamento das instalacións, así como as derivadas de imprudencias ou negligencias nas actividades propias da instalación.

Dentro deste atópanse:

- Imprudencias no hábito de fumar.
- Neglixencias na manipulación de equipos de traballo.
- Inadecuado mantemento das instalacións susceptibles de xerar un incendio.

Inundación

A pre Emerxencia comezará cando o servizo de Protección Civil correspondente declare a situación de alerta. Non existe emerxencia parcial. A emerxencia xeral comeza cando empeza a materializarse a inundación.

Meteorolóxico

A pre Emerxencia comezará cando o servizo de Protección Civil correspondente declare a situación de alerta. Non existe emerxencia parcial. A emerxencia xeral comeza cando empeza a materializarse a previsión meteorolóxica (calor, vento, choiva ...).

Ameaza de bomba

Contempla o risco deste tipo de ameaza, tanto por causa de presións sociais, como de accións terroristas.

Enfermidade gravemente contaxiosa

Contempla enfermidades contaxiosas incurables ou de difícil curación que poidan supoñer un risco para o centro e para a poboación en xeral. Reaccionarase protexendo e aislando ao suxeito afectado e informando ás autoridades médicas.

EN FUNCIÓN DA GRAVIDADE

Conato de Emerxencia

É aquela situación de anormalidade ou accidente que pode ser controlada e dominada de forma sinxela e rápida polo persoal e medios de protección do local, dependencia ou sector.

Os criterios ou condicións que se consideran suficientes para a declaración dun Conato de Emerxencia son:

- Previsión ou inicio de inundacións.
- Pequenos lumes susceptibles de ser extinguidos rapidamente coa axuda dun extintor portátil.
- Intento de intrusión ou sabotaxe.
- Accidente persoal de baixa gravidade.
- Explosións ou circunstancias perigosas externas que non afecten potencialmente á seguridade da instalación.
- Calquera outro suceso que, a xuízo do Director da Emerxencia sexa merecedor de tal categoría.

Emerxencia Parcial

É o accidente que para ser dominado require a actuación de grupos formados exclusivamente por persoal que se atopa neses momentos nas instalacións.

A Emerxencia Parcial comportará a parada de todas as operacións da/ s zonas/áreas afectada/ s e prevéxase que poidan quedar dentro da zona ou área de intervención.

Os traballadores encargados de intervir reuniranse no Punto de Reunión Interior e o persoal que se atope traballando nas plantas non afectadas deberá estar alertado ou preparado para unha evacuación de emerxencia.

Os criterios ou condicións que se consideran suficientes para a declaración dunha Emerxencia Parcial son:

- Pequenos lumes que afecten a zonas perigosas pero que poden ser illados, non poñendo en perigo o sector no que se atopen.
- Lumes que non afecten a zonas perigosas de duración maior de 10 minutos.
- Incendio que comprometa a sistemas relacionados coa protección.
- Grandes avenidas de auga con tendencia a seguir subindo a curto prazo.
- Calquera outro fenómeno natural previsto que poña en perigo grave a instalación.
- Incendio en Salas de equipos auxiliares: torres de distribución de redes, voz e datos (RACK), sistemas aire acondicionado, depósitos de combustible, caldeiras, aparellos elevadores, etc.
- A existencia doutras condicións que a xuízo do Director da Emerxencia fagan necesaria a declaración desta categoría de Emerxencia.

Emerxencia Xeral

É o accidente que precisa da actuación de todos os equipos e medios de protección do establecemento e a axuda de medios de socorro e salvamento exteriores.

A Emerxencia Xeral comportará a parada de todas as operacións, e a concentración de todo o persoal no punto de reunión exterior (P.R.E.). Para ese efecto activarase a alarma de emerxencia xeral mediante toque continuado de sirena (se procede).

Os criterios ou condicións que se consideran suficientes para a declaración dunha Emerxencia Xeral son:

- Inundacións que comprometen a seguridade do edificio.
- Calquera outro fenómeno natural que se produza e poña en perigo grave á instalación.
- Incendios dentro do edificio que afecten ou poidan afectar a zonas perigosas e/ou non sexan susceptibles de ser controlados cos medios de extinción dispoñibles e que poidan afectar as naves lindeiras, sendo necesaria a axuda dos bombeiros.

- Explosións ou previsión de explosións dentro da instalación que obriguen á Evacuación Xeral.
- A existencia doutras condicións que, a xuízo do Director da Emerxencia, faga necesaria a declaración desta categoría de emerxencia.

EN FUNCIÓN DA OCUPACIÓN E MEDIOS HUMANOS

Prestarase especial atención á evacuación de persoas con mobilidade reducida.

En todo momento o/os auxiliar/es técnico/ s educativo/ s coñecerán o lugar onde se atopan os alumnos con discapacidade motora por se é necesario desaloxar o centro. Serán os encargados da evacuación dos alumnos con discapacidade motora, axudados polos conserxes.

Ao comezo de curso avaliarase polo Comité de Emerxencias xunto cos membros do Equipo de Emerxencia Xeral a mellor maneira de evacuar a estes alumnos en función do tipo de discapacidade que presenten e informarase tanto aos alumnos como ao persoal do procedemento elixido.

PROCEDEMENTOS DE ACTUACIÓN ANTE EMERXENCIAS

As distintas emerxencias requirirán a intervención de persoas e medios para garantir en todo momento:

- A alerta, que da forma máis rápida posible poñerá en acción aos equipos intervinientes na emerxencia e ás axudas exteriores.
- A alarma para a evacuación dos ocupantes.
- A intervención para o control das emerxencias.
- O apoio para a recepción e información aos servizos de axuda exterior.

SECUENCIA BÁSICA DO PLAN DE ACTUACIÓN

Habitualmente, as consecuencias que se derivan dunha emerxencia son inversamente proporcionais á rapidez e á eficacia na resposta. Con obxecto de limitar no posible os danos sobre persoas, medioambiente e instalacións, o Plan de Actuación estrutúrase segundo a seguinte secuencia básica de intervención:

1. Detectar rapidamente o suceso e transmitir a alarma
